

ACTIVIDADE DE SEMANA SANTA

ZONA DO NATURTEJO EN PORTUGAL E SERRA DE GATA EN CÁCERES

Datas, do 1 ao 5 de abril

ALOXAMENTO: Hotel a Velha Fábrica, en Valverde del Fresno, Cáceres. en media pensión

Hora e lugar de saída: día 1 ás 6:00 da mañá, diante da piscina universitaria.

Hora e lugar de regreso. 21:30, diante da piscina universitaria

CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA:

Imos facer unha actividade de **sendeirismo** durante varios días así que é importante estar acostumado a camiñar.

As rutas en xeral son de dificultade baixa/media, aínda así hai que ter un bo estado de forma e estar habituado á práctica do sendeirismo.

É preciso levar calzado axeitado para o sendeirismo e que estea en boas condicións, así como **vestimenta axeitada** para facer a actividade.

A orde en que realizaremos as rutas dependerá das **previsións meteorolóxicas** xa que algunha das rutas, baixo condicións meteorolóxicas adversas, pode ser complicada.

Non é obrigatorio facer tódalas rutas, podedes quedar descansando no hotel algún día, ou facer outra cousa, pero será baixo a vosa responsabilidade.

A programación pode sufrir **cambios** ou variacións.

No hotel estaremos en réxime de media pensión, así que tendes que levar a **comida para as rutas**.

En todo momento debemos seguir de xeito estrito as **indicacións** dos guías. Durante as rutas, o guía que vaia diante será o que marque o ritmo e o grupo ten que ir detrás.

É aconsellable (non imprescindible) levar o bastón (ou bastóns) de sendeirismo

A SERRA DE GATA.

A Serra de Gata é un dos cordais que forman o Sistema Central. Os seus cumes sinalan parte da raia entre as provincias de Cáceres, na vertente meridional, e a Salamanca na vertente setentrional.

A serra érguese ao noroeste de Cáceres e ao suroeste de Salamanca. Polo seu extremo oeste o cordal enlaza coa Serra da Malcata, na fronteira con Portugal. Polo leste linda coa Serra de Francia, da que está separada polo val formado polo río Hurdano.

E unha serra con numerosas e fermosas paisaxes, con moita biodiversidade e riqueza natural. Tamén son salientables as súas poboacións, situadas nas zonas mais baixas da serra.

GEPARK NATURTEJO.

Naturtejo é a entidade que promove o Geopark Naturtejo da Meseta Meridional e que integra os municipios de Castelo Branco, Idanha-a-Nova, Nisa, Oleiros, Proença-a-Nova e Vila Velha de Ródão.

Da Raia á Beira Interior, pasando polo Pinhal Interior ata o Alto Alentejo, os municipios do Geopark Naturtejo teñen un elevado potencial turístico e múltiples elementos de atracción. Gozando dunha excelente localización e accesos, a rexión Naturtejo ofrece unha gran variedade de produtos turísticos, coa plusvalía común da natureza e excelentes infraestruturas. Todo para satisfacer as necesidades e demandas de todo tipo de visitantes. O Geopark Naturtejo da Meseta Meridional foi o primeiro geoparque portugués, en 2006 uniuse á Rede de Geoparques Europeos e á Rede Mundial de Geoparques co apoio da UNESCO. Desenvólvese nun territorio de 4.616 km², e as prioridades son a conservación xeolóxica, o geo turismo e a educación.

Nunha rexión de gran heteroxeneidade cultural, a xeoloxía é un elemento estándar do territorio e utilízase como unha estratexia para o desenvolvemento sostible a gran escala, nun proxecto pioneiro en Portugal, planeado a medio / longo prazo. (www.naturtejo.com)

QUÉ ACTIVIDADES FAREMOS?

As actividades previstas serán variadas, unhas na zona da Serra de Gata, en Cáceres e outras no Naturtejo en Portugal.

Día 1 de abril, mércores. Percurso pedestre de Penamacor, Rota da Vila.

Lonxitude: 11 km.

Dificultade: baixa/media.

Desnivel: baixo/medio.

O mesmo día da viaxe antes de chegar a Valverde del Fresno onde temos o aloxamento faremos unha parada en Penamacor, fermosa vila de Portugal. Teremos un tempo para visitala e faremos a primeira ruta, coñecida como Rota da Vila. É un itinerario moi bonito

arredor do pobo, no que veremos zonas de cultivo principalmente de oliveiras e outras con numerosos e salientables exemplares de sobreiras. Goza de moi boas vistas da contorna. O percorrido é doado en xeral, salvo unha derivación (optativa), que hai que facer para ver un miradoiro coñecido como o Miradouro da casa do Ramalho. Neste tramo o camiño vai entre pedras graníticas.

MIDE Ruta por Penamacor. Rota da Vila

Horario:	3h 20´	Severidade do Medio Natural:	2
Desnivel de subida:	150 m.	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	150 m.	Dificultade do desprazamento:	2
Distancia horizontal:	11 km	Cantidade de esforzo necesario:	3
Tipo de percorrido:	Circular		

Día 2 de abril, xoves. Ruta pola Serra de Gata

Lonxitude: 20,3 km. Dificultade: media. Desnivel: medio/alto

Nesta xornada imos facer unha ruta circular dende o pobo de Gata. O percorrido vai practicamente todo o rato por camiños amplos e pistas, salvo os quilómetros iniciais que son un pouco incómodos. Durante a ruta imos ter unhas panorámicas moi amplas de gran parte da serra e de extensas zonas chairas da provincia de Cáceres. Non hai moitos tramos arborizados e predomina a paisaxe de montaña, con formacións rochosas e amplos pasteiros mesturados con zonas de matogueira. Ao rematar haberá tempo para visitar a vila de Gata que ben paga a pena adicarlle un rato.

MIDE Ruta pola Serra de Gata

Horario:	7h 25´	Severidade do Medio Natural:	3
Desnivel de subida:	806 m.	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	806 m.	Dificultade do desprazamento:	2
Distancia horizontal:	20,3 km	Cantidade de esforzo necesario:	4
Tipo de percorrido:	Circular		

Día 3 de abril, venres. Penha García e Monsanto.

Lonxitude: 8 km.

Dificultade: media.

Desnivel: baixo/medio

Achegámonos novamente a Portugal para facer dous percorridos ben diferentes que nos permitirán coñecer dous pobos sumamente fermosos. A primeira das rutas ímola facer en Penha García. E a coñecida como Rota dos Fósseis. O percorrido oficial ten menos de 4 quilómetros, pero nós ímolo facer un pouco máis longo camiñando polo pobo (en total 5, aproximadamente). A ruta é unha marabilla e aínda que é curta, ten moitas cousas interesantes que ver, como o mesmo pobo, o río, os fósiles, muíños, o canón... Ao rematar haberá tempo para ver tamén (se estivera aberto) un pequeno e interesante museo de arte sacra. Despois nos desprazamos a Monsanto, un lugar impresionante, xa que a vila está levantada sobre un enorme outeiro formado por enormes bolos graníticos. Aquí faremos parte dunha ruta que da a volta á vila. Será un percorrido curto tamén, pero ten moito que ver, e isto xunto a que é un pouco incómodo, nos lavará certo tempo facelo. Ademais das rechamantes construcións do pobo é moi salientable o castelo que domina a paisaxe, e os seus restos.

MIDE Ruta por Penha García e Monsanto

Horario:	4h	Severidade do Medio Natural:	2
Desnivel de subida:	170 m.	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	170 m.	Dificultade do desprazamento:	3
Distancia horizontal:	8 km	Cantidade de esforzo necesario:	3
Tipo de percorrido:	Circular		

Día 4 de abril, sábado. Ruta da Fala.

Lonxitude: 14 km.

Dificultade: media.

Desnivel: medio

Este día faremos unha ruta lineal que une os pobos de Eljas e San Martín de Trevejo. Os dous son moi fermosos e teremos tempo para velos. A ruta tamén é moi bonita. Ao comezo temos que salvar o maior desnivel, logo transcorre máis ou menos a media ladeira ata chegar ao porto de San Martín, xa no límite coa provincia de Salamanca. Dende aquí iremos descendendo ata chegar ao pobo de Trevejo. A ruta ten panorámicas moi amplas, con algunha zona boscosa ao final. As paisaxes graníticas mesturadas con matogueiras son predominantes.

Qué é A Fala?

A Fala é a lingua vernácula das localidades estremeñas de Valverde del Fresno/Valverdi du Fresno, Eljas/As Elas e San Martín de Trevejo/Samartín de Trevellu. A Fala foi declarada Ben de Interese Cultural (BIC) en 2001. Descende do galego, portugués e ten influencia do bable tamén

MIDE Ruta da Fala

Horario:	5h 10´	Severidade do Medio Natural:	3
Desnivel de subida:	581 m.	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	509 m.	Dificultade do desprazamento:	2
Distancia horizontal:	14 km	Cantidade de esforzo necesario:	3
Tipo de percorrido:	Travesía		

Día 5 de abril, domingo.Ruta do Muinho do Fundeiro

Lonxitude: 10 km. Dificultade: baixa Desnivel: baixo

O ultimo día imos novamente no municipio de Penamacor para facer unha última ruta antes de regresar a casa. A ruta prevista é un percorrido sinalizado de ida e volta que parte da ponte de do río Bazágueda á altura do parque de campismo do Freixal. Ten, entre a ida e a volta, 7 quilómetros de lonxitude, pero nós imos ampliála comezando e rematando na Capela da Nossa Señora do Bon Sucesso. A ruta é de baixa dificultade e moi fermosa, con paisaxes moi bonitas da beira do río e o seu bosque de ribeira, os campos de arredor así como as fincas de oliveiras.

MIDE Ruta do Muinho do Fundeiro

Horario:	4h 30´	Severidade do Medio Natural:	2
Desnivel de subida:	90 m.	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	90 m.	Dificultade do desprazamento:	2
Distancia horizontal:	10 km	Cantidade de esforzo necesario:	2
Tipo de percorrido:	Circular		